

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 19/20

CRA AMENCER ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL

11 mayo de 2020.

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. CONTIDOS ADAPTADOS PARA O 3º TRIMESTRE.**
- 2. ITEMS DE AVALIAÇÃO EN RELACIÓN AOS CONTIDOS.**
- 3. CRITERIOS DE AVALIAÇÃO.**
- 4. METODOLOGÍA.**
- 5. ACTIVIDADES.**
- 6. RECURSOS.**
- 7. MATERIAIS.**
- 8. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

CONTIDOS 3º TRIMESTRE



ÁREAS	CONTIDOS 3 ANOS	CONTIDOS 4 ANOS	CONTIDOS 5 ANOS
ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL.	<ul style="list-style-type: none"> O corpo. Esbozo da figura humana. Alimentación e hixiéne. Hábitos de autonomía. Sentimientos e emocións. Coordinación de movementos. 	<ul style="list-style-type: none"> Elementos e segmentos corporais. Coidados do corpo. Alimentación e hixiéne. Actividades da vida cotiá. Sentimientos e emocións. Coordinación progresiva das habilidades psicomotoras finas e grosas. 	<ul style="list-style-type: none"> Características diferenciáis do propio corpo. Coidados do corpo: hixiéne, alimentación e saúde. Nocións temporais e actividades da vida cotiá. Sentimientos e emocións. Corpo en movemento.
ÁREA COÑECEMENTO DO CONTORNO	<ul style="list-style-type: none"> Cores: verde, amarela e azul Series dun elemento Situación espacial: un lado, outro lado, aberto, pechado. Tamaños: alto, baixo. Figuras xeométricas: círculo e cadrado. Números: 1,2 e 3. Cuantificadores básicos: moitos, poucos, grande, pequeno. A primavera. As plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cores: primarias. Series: forma, cor e tamaño. Os corpos no espazo: cerca, lonxe, dereita, enriba, debaixo, aberto, pechado, diante, detrás. Figuras xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo. Iniciación á medida: grosso, delgado, rápido, lento, lixeiro, pesado. Números: 1, 2, 3, 4 e 5. A primavera: características. As plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cores primarias e secundarias. Números do 0 ao 9. Figuras xeométricas básicas. Cuantificadores básicos: tantos como, un, algún, ningún, ... Corpos no espazo: esquerda, dereita, arredor, entre, diante, detrás. Propiedades dos obxectos: suave, rugoso, duro, brando, quente, frío. A primavera: características, roupa, coidados. As plantas.
ÁREA LINGUAXES, COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Trazos curvos. Linguaxe oral como medio de comunicación. Textos lingüísticos e literarios Imaxes e símbolos. Expresión plástica e musical Expresión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> Grafomotricidade. Linguaxe oral como medio de comunicación. Textos lingüísticos e literarios. Lectura de imaxes e símbolos. Expresión plástica e musical Expresión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> Aproximación a lingua escrita. Linguaxe oral como medio de comunicación. Textos lingüísticos e literarios. Expresión plástica e musical Expresión corporal.



3 ANOS

- Aproxímase ao esbozo da figura humana.
- Recoñece os coidados básicos do corpo en relación a hixiéne persoal e alimentación saudable.
- Posúe hábitos de autonomía persoal, colabora nas tarefas e respeta as normas.
- Intenta expresar emocións e sentimentos derivados da situación actual.
- Aumenta na precisión de movementos cada vez máis precisos: saltos, carreiras, etc
- Recoñece as cores primarias traballadas anteriormente.
- Fai series a partires dun elemento dado.
- Coloca os obxectos cotiás e relacionaos coa vida diaria en situacións espaciais diversas.
- Recoñece obxectos polo seu tamaño.
- Recoñece as figuras xeométricas básicas: círculo e cadrado.
- Recoñece os números 1, 2 e 3 e asocia o número á cantidade.
- Fai uso dos cuantificadores básicos para contar obxectos naturais.
- Adapta as actividades da vida cotiá as características da primavera.
- Mostra interese polo coidado das plantas.
- Realiza trazos curvos.
- Mostra curiosidade pola escoita de textos lingüísticos e literarios adecuados a súa idade.
- Distingue entre imaxes e símbolos.
- Mostra unha actitude positiva cara a expresión plástica.
- Emprega a expresión corporal como medio de comunicación.
- Mostra interese polas actividades musicais.
- Mostra interese pola aproximación a unha lingua extranxeira.



4 ANOS

- Diferencia elementos e segmentos corporais logrando cada vez un maior esbozo da imaxe corporal.
- Realiza coidados básicos do propio corpo: hixiéne, alimentación e saúde.
- Resolve con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colabora nas tarefas e respeta as normas.
- É quén de expresar emocións e sentimentos derivados da situación actual.
- Logra cada vez unha maior coordinación das habilidades psicomotoras finas e grosas.
- Recoñece as cores primarias e introduce algunha das secundarias.
- Realiza os números ata o 6 e asocia o número á cantidade.
- Distingue as figuras xeométricas básicas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Representa os obxectos da vida diaria no espazo segundo determinadas indicacións.
- Iníciase na medida de obxectos.
- Realiza series de elementos cotiás atendendo a criterios de forma, cor e tamaño.
- Recoñece as características da primavera e adapta as súas actividades ás mesmas.
- É consciente da importancia das plantas e recoñece as súas características como seres vivos e os seus coidados.
- Iníciase na lectura de imaxes e símbolos.
- Avanza na grafía de fonemas.
- Acepta as normas que rexen o intercambio lingüístico e avanza na adquisición de vocabulario.
- Ten curiosidade, presta atención e memoriza pequenos fragmentos de textos lingüísticos e literarios adaptados a súa idade.
- Mostra interese polo expresión plástica e coida os útiles empregados.
- Emprega a expresión corporal como medio de comunicación.
- Mostra interese e participación nas actividades musicais.
- Mostra interese pola aproximación a unha lingua estranxeira.



5 ANOS

- Recoñece as características diferenciais do propio corpo.
- Realiza coidados básicos do corpo en relación á hixiene, alimentación e hábitos saudables.
- Fai uso das nocións temporais básicas relacionadas con actividades da vida cotiá.
- É quén de expresar en distintas formas sentimentos e emocións propios relacionados coa situación actual.
- Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.
- Recoñece a serie numérica e asocia o número á cantidade do 0 ao 9.
- Nomea as figuras xeométricas dadas.
- Fai uso dos cuantificadores básicos traballados.
- Coloca obxectos no espazo segundo as características dadas e determinadas indicacións.
- Describe obxectos reais da vida cotiá segundo as súas características de textura, dureza e temperatura.
- Recoñece as partes, cambios, coidados e conservación das plantas.
- Adapta as súas actividades da vida cotiá ás características da primavera: roupa, coidados,...
- Aproxímase a lingua escrita mediante a grafía de fonemas, pequenas palabras, copia de frases e pequenos textos literarios e lingüísticos.
- Emprega a linguaxe oral como medio de comunicación tendo en conta as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Emprega a expresión plástica como medio de representación a través de debuxos e pequenas obras de arte cada vez máis orixinais e creativas.
- Recoñece e emprega a expresión corporal como medio de comunicación de emocións e sentimentos a través de pequenas dramatizacións.
- Disfruta da lectura de textos literarios e lingüísticos adaptados a súa idade.
- Iníciase na lectura de imaxes acompañadas de pequenas palabras relacionadas cos centros de interese traballados.
- Mostra interese e participa activamente nas actividades musicais.
- Mostra interese pola aproximación a unha lingua estranxeira.



AVALIACIÓN

- Global, **contínua** e formativa.
- Axustando a práctica educativa ás necesidades de cada alumno/a para:
 - ❖ Detectar e valorar os procesos de desenvolvemento.
 - ❖ Analizar os progresos e as dificultades así como as súas aprendizaxes.
- Os criterios de avaliación foron adaptados xunto cos contidos e flexilizáronse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumnado, que nos levan polo tanto, a consecución dos **obxectivos xerais** tanto, de nivel como de final de etapa, a través dos cales, traballamos de maneira integradora e globalizada a adquisición das **COMPETENCIAS BÁSICAS**.

METODOLOXÍA



- A situación actual fai que teñamos que priorizar o fundamental, conservar a saúde física e emocional do alumnado asegurando a súa atención educativa pero tendo moi presente que, nestes momentos priman outros aspectos de saúde, sociais ou económicos que están afectando a moitas das nosas familias.
- Neste período de educación non presencial, a nosa actividade docente está guiada por accións destinadas a coidar ao máximo a tódolos membros da comunidade educativa dándolle máis importancia ao benestar integral dos alumnos/as e das familias que a aspectos puramente curriculares.
- A comunicación coas familias é fluída, constante e diaria, proporcionándolle respostas ás dúbidas que lles pudieran surxir e respetando as diferentes alternativas e modelos de crianza.
- Por todo isto, adaptamos a programación do 3º trimestre para levar a cabo actividades globalizadoras, significativas, realistas e funcionais para a vida dos nenos/as.



ACTIVIDADES

- Pequenos retos que estimulen o seu razoamento.
- Actividades basadas na experimentación, observación real e a manipulación de obxectos da vida cotiá.
- Realización de tarefas da vida diaria.
- O xogo e actividades lúdicas, atractivas que fomentan a súa creatividade e o seu interés por o mundo que lle rodea.
- Experiencias reais onde o noso alumnado aprende facendo, principio xeral da nosa programación, cumprindo o referente principal de **Aprender a Aprender**.
- Á hora de programar as actividades temos en conta:
 - ❖ a situación do alumno e das familias
 - ❖ os recursos dispoñibles que condicionan a entrega das tarefas e as producións
 - ❖ características dos alumnos/as, coñecementos previos, experiencias, estilos e ritmos de aprendizaxe sen esquecer os seus intereses e motivacións.



RECURSOS

- ❖ Temos en conta os contextos e espazos familiares.
- ❖ Os recursos tecnolóxicos cos que contamos para entrega de tarefas e produción por parte dos alumnos son:
 - Páxina web do centro.
 - Blogs das distintas escolas.
 - Class dojo.
 - Cisco webex.
 - Teléfonos persoais.



MATERIAIS

- ❑ Libros e cuadernos de traballo do 3º trimestre (entregados ás familias)
- ❑ Propostas lectoras que fomentan a súa imaxinación e fantasía
- ❑ Materiais audiovisuais sacados da rede.
- ❑ Vídeos de elaboración propia para facilitar as explicacións de actividades, centro de interese ou pequenos retos.
- ❑ Material impreso de reforzo e ampliación que periódicamente se vai colgando na páxina web do centro para as familias que o precisan.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE



Ademais dos recursos tecnolóxicos xa comentados anteriormente, para comunicarnos coas familias, a información e documentos relativos a educación non presencial do terceiro trimestre estará sempre visible na

PÁXINA WEB DO CENTRO.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.